

Estimadas familias, profesores, irmás e persoal de servizos.

O **vindeiro 21 de Decembro** levarase a cabo a celebración da **Comunidade Educativa** no colexio. Como ben sabedes, tanto alumnas e alumnos, como familias, profesores, irmás e persoal de servizos, formamos parte deste grupo.

Este ano, co fin de darlle un toque distinto, pensamos en preparar un **canto de Nadal**, onde todos aqueles que o desexedes poidades participar. Para poder materializalo, mandaríavos o audio máis a letra da canción vía plataforma ou, no seu defecto, mediante unha memoria usb. Ademais diso, faríamos un ensaio antes da celebración (martes 5 de Decembro ás 17:15) de aproximadamente 20 minutos. En caso de precisar un máis, faríase o martes 12 de Decembro. Se por calquera motivo non podedes asistir aos ensaios, igualmente poderedes participar escoitando a canción que vos mandarei.

Para confirmar a vosa participación podedes facelo mediante a plataforma, deixando unha mensaxe en portería ou a través dos vosos fillos/as.

Esperamos a vosa participación. Animádevos!

Atentamente,

Brais G. Cortón, profesor de música